

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2013

PREVISIÓN INFORMATIVA

Asunto Presentación dunha nova edición en inglés da novela *La Casa de la Troya*, de Alejandro Pérez Lugín

Interveñen

- Darío Villanueva**, ex reitor da Universidade de Santiago e secretario da Real Academia Española
- Matías Membiela**, director da editorial Camiño do Faro
- Lucindo Javier Membiela**, editor
- Albino Mallo**, xornalista
- Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns

Data **MAÑÁ MARTES, 24 de setembro**

Lugar Museo Casa da Troia. Rúa da Troia, 5. Santiago

Hora **11:00 horas**

O Museo Casa da Troia acolle a presentación dunha nova edición en inglés da novela *La Casa de la Troya*

Darío Villanueva, ex reitor da Universidade de Santiago e secretario da Real Academia Española, dará a súa visión deste proxecto

(*Vía Láctea Comunicación*).- O Museo Casa da Troia acolle mañá martes, 24 de setembro, a presentación dunha nova edición en inglés da novela de Alejandro Pérez Lugín *La Casa de la Troya*. O profesor **Darío Villanueva**, ex reitor da Universidade de Santiago e actual secretario da Real Academia Española, que participa na introdución, dará a súa visión deste proxecto.

Dende a primeira edición de 1915, a obra tivo máis dun centenar de tiraxes, o que a sitúa entre as obras con maior número de edicións en lingua española. Traduciuse a varios idiomas, entre eles o inglés. Esta última edición en lingua inglesa, *The House of Troy*, iniciativa da editorial galega *Camiño do Faro*, é unha revisión doutra realizada en Boston en 1922.

No acto intervirán ademais **Matías Membiela** e **Lucindo Javier Membiela**, da editorial *Camiño do Faro*; o xornalista **Albino Mallo** e **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, entidade que xestiona o museo.